

KIDS & US
my English

cool
OFF



Across The Sahara



ÍNDICE

LOCALIZACIÓN.....	2
INSTALACIÓNS.....	3
ACTIVIDADES.....	4
EXCURSIÓNS.....	5
PREZOS E QUENDAS	5
PREGUNTAS FRECUENTES.....	6
PROTOCOLO MÉDICO.....	7
PROTOCOLO DE COMUNICACIÓN.....	8
DINÁMICAS DE ADAPTACIÓN	9
PREPARAMOS A MOCHILA.....	9
GRUPOS	10
OUTRAS CUESTIÓNS DE INTERESE	11
CONTACTO.....	11

MOLÍ DE LA RIERA

LOCALIZACIÓN

A casa Molí de la Riera está situada ás aforas de Sant Pere de Torelló, un pequeno pobo na zona da plana de Vic (provincia de Barcelona). A casa atópase nunha contorna rural e está rodeada de bosque, con aciñeiras e vexetación de ribeira.

O río Ges pasa xusto ó lado da casa e, antigamente, facía funcionar o muíño que lle da nome. A auga do río é clara e tranquila; ten pouca profundidade, o que invita a remollarse en verán.



Para chegar á casa, hai que ir, primeiro, á poboación de Sant Pere de Torelló pola estrada BV-5224. Unha vez alí, só hai que cruzar o pobo seguindo a rúa principal. Xusto á saída do pobo, dirección Olot, seguire a estrada que se ve á dereita. A partir de aí xa atoparedes carteis indicativos da casa e de Cool Off. A menos de 300 metros, e pasada unha ponte, atoparédesvos cun desvío cara a esquerda debidamente sinalizado. Ái mesmo atoparedes unha explanada e zona de aparcamento para deixar os coches. Teredes que camiñar uns metros ata a casa.



INSTALACIÓNS

A casa está reformada e as instalacións son modernas e seguras. Ademais, a finca dispón de espazos adecuados para gozar de todo tipo de actividades programadas: piscina, campo de fútbol, pista de baloncesto, zona de bosque e outeiro, explanada, unha ampla zona de sombra fronte ao río e varias salas polivalentes interiores.



ACTIVIDADES

Durante os campamentos, non paramos! Realizamos todo tipo de actividades diferentes, ligadas, como sempre, a un eixo temático, pero ademais realizaremos talleres, xogos de auga, xogos de noite, actividades para mellorar o inglés, etc.

Aquí podedes ver como é un día en Cool Off:

8:00	Soa a canción de «Bos días» e saímos todos fóra
8:15	Realizamos un xogo breve para espertar
8:30	Lavamos a cara e vestímonos
8:45	Almorzamos
9:30	Ordenamos as habitacións e realizamos as tarefas diarias a través dun xogo competitivo que repetimos durante toda a semana
10:00	Inside Out (practicamos vocabulario e gramática coas Travel Guides)
11:00	Realizamos xogos ao aire libre / excursión pola mañá (duración: 2 horas)
12:00	Ímos á piscina!
13:00	Practicamos a canción e o baile que preparamos
13:30	Almorzamos
14:30	Tempo libre
16:00	Realizamos xogos ao aire libre e facemos manualidades
17:00	Merendamos
17:30	Realizamos xogos ao aire libre e facemos manualidades
18:30	Practicamos cancións e bailes en grupos
19:30	Duchámonos + tempo libre
20:30	Ceamos
21:30	Staff Performance (teatro)
22:00	Realizamos xogos pola noche
22:30/23:00	Ímos durmir!

EXCURSÍONS

Este ano, gozaremos dun día enteiro no pantano de Sant Ponç, un lugar cunha contorna inigualable na que intentaremos manter o noso equilibrio sobre as enormes pranchas de *paddle surf*. Tamén deberemos ser hábiles e non caer do BusBob, un plátano enorme arrastrado con velocidade pola auga. Unha experiencia do máis emocionante! Para sacar proveito tamén da magnífica contorna que temos no Molí de la Riera, faremos unha expedición temperá ao río digna dos exploradores máis intrépidos, onde nos esperan uns tobogáns naturais!



PREZOS E QUENDAS

Molí de la Riera - 765 €/quenda

- 1^a QUENDA: do 22 ao 28 de xuño
- 2^a QUENDA: do 29 de xuño ao 5 de xullo
- 3^a QUENDA: do 6 ao 12 de xullo
- 4^a QUENDA: do 13 ao 19 de xullo
- 5^a QUENDA: do 20 ao 26 de xullo

PREGUNTAS FRECUENTES

Cal é o horario de recepción e de recollida?

O domingo é o **día de chegada** aos campamentos. O horario de recepción será de 17:00 h a 18:00 h. Dita recepción organizarase seguindo a orde alfabética do primeiro apellido de cada participante.

- Apellidos que empiecen por A-F: 17:00 h
- Apellidos que empiecen por G-N: 17:20 h
- Apellidos que empiecen por O-Z: 17:40 h

O sábado será o **día de saída** dos campamentos. Esperámosvos na casa entre as 17:00 h e as 17:30 h.

As familias sodes as encargadas de traer e recoller aos vosos fillos e fillas do campamento. Asignámosvos quendas para a entrada para evitar esperas innecesarias durante o rexistro, pero non para a saída, xa que... teremos unha festa de despedida!

Hai que levar algunha documentación o primeiro día dos campamentos?

Si, o primeiro día debedes traer:

- A tarxeta sanitaria orixinal (non pode ser unha fotocopia)
- A autorización para a administración de medicamentos (se fose necesaria)

Entregade esta documentación no momento de realizar o rexistro.

Poderemos coñecer ao monitor ou monitora do noso fillo ou filla?

Tras formalizar a entrada dos nenos e nenas, poderedes acompañalos ata o punto de encontro co seu grupo. Alí coñeceredes ao monitor ou monitora e poderedes intercambiar impresións brevemente; iso si, en inglés!

Os monitores teñen ordes expresas de non falar en ningún outro idioma que non sexa inglés. Se tedes dificultades para comunicarvos nesa lingua e necesidades dar alguma información importante, poderedes dirixirvos ao director ou directora, que se encargará de facer chegar os vosos comentarios ao equipo de monitores.

Poderemos ver a casa?

Dado que o equipo dedica as horas anteriores á vosa chegada a preparar a casa co material necesario para os xogos que se van levar a cabo xusto cando vos vaiades, sentimos informarvos de que non podemos ofrecer unha visita ao interior. Sen embargo, invitámosvos a realizar o tour virtual que atoparedes na [la web de El Molí de la Riera](#).

Ata cando nos poderemos quedar na casa?

Cando entreguedes a documentación e vos despidades do voso fillo ou filla, deberedes dirixirvos á saída e deixar a casa. A mellor maneira de potenciar unha boa adaptación dos nenos e nenas é unha despedida breve e positiva para que poidan mergullarse enseguida na dinámica dos campamentos e comezar a facer novos amigos e amigas.

PROTOCOLO MÉDICO

No caso de que o ou a participante deba tomar algunha medicación durante os campamentos, que hai que fazer?

Durante o proceso de inscrición, ofreceuse ás familias a posibilidade de encher a autorización para administrar medicamentos como parte das condicións legais de participación nos campamentos Cool Off. En caso de non poder enviar estes documentos no seu momento, proporcionásevos unha copia da devandita autorización para que a enhades a durante o rexistro. Nesta folla debedes indicar a frecuencia de subministración do medicamento e a dose, deberá asinala o titor ou titora do neno ou nena e terase que anexar a receita médica orixinal.

O primeiro día de campamentos poderedes entregar o medicamento (etiquetaxe co nome do alumno ou alumna) ao director ou directora, que se encargará de gardalo e fornecelo seguindo as vosas indicacións. Baixo ningún concepto os participantes poderán gardar e ter medicación nas súas mochilas e habitacións por razóns de seguridade e saúde.

Como se actuará se un participante se atopa mal ou enferma durante os campamentos?

Nestes casos, levaremos ao neno ou nena ao médico e chamaremos á familia para que estea informada da situación.

PUNTOS DE SAÚDE: MOLÍ DE LA RIERA


A menos de 1 km da casa El Molí de la Riera temos o CAP de Sant Pere de Torelló, que ten asistencia diúrna, e a 4,5 km da casa temos o CAP de Torelló, con asistencia as 24 horas.

Unha vez nos atendan, informarémosvos de que dixo o médico e se recibiu algún medicamento.

De que debedes informar ao equipo de Cool Off?

É moi importante que o equipo de monitores e dirección estean informados de calquera aspecto relacionado co día a día do neno ou nena (intolerancias, alerxias, hábitos, enfermedades, particularidades sociais etc.)/ etc.). É importante comunicar estas cuestións para asegurar a comodidade dos nosos participantes e para que podamos extremar as precaucións e estar más pendentes, se fose necesario.

As familias debedes deixar constancia destes aspectos ao formalizar a inscrición, ou ben o podeis comunicalos directamente ao director ou directora. Desta maneira, o equipo e a



dirección poderán tratar a situación de forma máis personalizada, adoptar as medidas oportunas e reaccionar se fose necesario.

PROTOCOLO DE COMUNICACIÓN

Teremos noticias de como van os campamentos e de como están os nosos fillos e fillas?

BLOG: Diariamente, cada grupo destinará un rato a facer unha publicación no blog de Cool Off. Ademais, o equipo de dirección tamén subirá comentarios. Neste apartado poderedes ver fotografías e comentarios das actividades que se levan a cabo na casa, así como outra información de interese.

Ao acabar o primeiro día dos campamentos, recibiredes un correo coa ligazón de acceso ao blog, así como o voso usuario e contrasinal, ánda que as publicacións empezarán a realizarse a partir do segundo día.

Como usuarios, poderedes comentar en calquera das publicacións que se vaian actualizando día a día, sempre especificando o nome e apellido do participante para poder lerllles os comentarios facilmente. Unha vez o equipo de Cool Off complete esa acción, publicarase o voso comentario, así saberedes que o voso fillo ou filla xa o leu.

CORREO: A partir desa noite e diariamente, cando todos os nenos e nenas xa se foron durmir e o director ou directora faga a primeira reunión de seguimento co equipo de monitores, recibiredes un correo con todo o que fixeron os nosos peques ese día e unha ligazón á carpeta privada de fotos e vídeos que fixemos durante a xornada.

INSTAGRAM: Pero iso non é todo! Tamén poderedes ver que están facendo os nosos intrépidos participantes en publicacións e historias de Instagram, mentres esperades a que vos chegue o correo do día. Estade tranquilos se non autorizastes o uso de imaxes en redes sociais, porque non se publicarán fotos nin vídeos do voso fillo ou filla.


Podedes seguirnos en: [@cooloffbykidsandus](https://www.instagram.com/cooloffbykidsandus)

Póde se chamar á casa?

En caso de que as familias queirades contactar coa casa, poderédelo facer de 12:30 h a 13:30 h chamando ao teléfono 602 25 20 95 (teléfono de dirección de Cool Off). Tende en conta que, no caso de que non vos poidamos atender nese momento, será porque esteamos assistindo nalgunha actividade ou situación. Sempre vos devolveremos a chamada en canto teñamos disponibilidade.

Se por algúñ motivo tedes que contactar coa casa con carácter urxente, poderá facerse durante as 24 horas chamando ao mesmo teléfono.

Non obstante, se o que queredes é información sobre o que fai o voso fillo ou filla e como se atopa, o mellor é consultar o blog dos campamentos.



Do mesmo modo, no caso de que o director ou directora teña algo que consultarvos, porase en contacto convosco mediante mensaxe de texto ou audio e, en caso de ser unha consulta máis urxente, chamaravos directamente.

Poderemos falar co noso fillo ou filla por teléfono?

Non se prevé a comunicación telefónica entre os nenos e nenas e as familias. Consideramos que non son moitos días e que o contacto telefónico podería causar nostalxia ou angustia tanto ao alumnado como ás familias. Ademais, falar por teléfono implica deixar de participar na actividade que se estea levando a cabo nese momento e interromper as dinámicas de grupo.

DINÁMICAS DE ADAPTACIÓN

Que pasa se un participante non se adapta aos campamentos?

En principio, o programa está pensado para que todos os nenos e nenas se integren e adapten ao grupo. De feito, os primeiros días hai varias actividades dedicadas específicamente á cohesión de grupo. Poida que a algúns participantes lles custe máis que a outros integrarse, sobre todo se é a primeira vez que van a uns campamentos. É unha situación completamente normal. O equipo de monitores observará todos os aspectos vinculados á adaptación a estes campamentos e compartirá os seus comentarios co director ou directora cada noite, quen valorará a situación e entre todos poñerán todos os recursos que teñen ao seu alcance para que todos os nenos e nenas estean a gusto e cómodos con moita brevidade.

Aínda así, se por algúna razón algún participante botase moito de menos á súa familia, o equipo faría todo o posible para axudalo. Se a pesar de todo, e tras un tempo prudencial, a situación non mellorase, o equipo poñeríase en contacto coa familia para valorar conciuntamente a situación.

Haberá alguén que fale catalán ou español?

Como xa dixemos anteriormente, os monitores só poden falar en inglés. De feito, os nenos e nenas non deberían saber se entenden ou falan outra lingua. Aínda así, todos eles teñen a experiencia necesaria para guiar aos participantes para expresarse da mellor maneira segundo o seu nivel. Ademais, haberá unha persoa de referencia que poderá falar en catalán ou en español en caso necesario: o director ou directora.

Esta persoa servirános de intermediaria no caso de que os monitores teñan que comunicar un tema importante, así como cando queiran asegurarse de que entenden as instrucións perfectamente (como poden ser temas de seguridade ou outros aspectos esenciais).

PREPARAMOS A MOCHILA

Que hai que meter na mochila?

Tendo en conta todo o que pode sernos útil durante os campamentos, preparámosvos unha lista do que consideramos necesario para o día a día na casa. Consultade o documento "Preparamos a mochila" que vos enviamos no último correo.

Poden levar cámara de fotos?

Non se poden levar cámaras de fotos. O equipo de Cool Off dispón de cámaras coas que se rexistrará unha mostra do día a día dos rapaces e rapazas. De forma diaria, recompilaranse todas as fotografías feitas durante a xornada, enviarémolas por correo electrónico e colgaremos algunas no blog.

Hai servizo de lavandería?

Na casa non hai servizo de lavandería. Por iso, é importante que teñades en conta as recomendacións que facemos no apartado "Preparamos a mochila".

Deben levar diñeiro?

Os participantes non poden levar diñeiro. A organización proporciona todo o necesario para que os nenos e nenas poidan gozar dos campamentos sen ter a necesidade de adquirir comida nin bebidas.

Poden levar comida ou lamonadas?

Non se pode levar comida nin lamonadas nas mochilas. Se algúun participante ten alguma necesidade puntual (ten máis fame, sed, etc.), poderá acudir ao seu monitor ou monitora de referencia, quen á súa vez consultará co director ou directora.

Poden levar teléfonos, tabletas, MP3...?

Non se permite levar aparatos electrónicos. Os campamentos están pensados para fomentar a comunicación e a convivencia entre todos e cremos que este tipo de aparatos non as fomenta e incluso poden ser fonte de conflitos. Se algúun monitor atopa algún aparato deste tipo, entregara ao director ou directora, quen o devolverá á familia o día da recollida.

Poden levar medicamentos?

Os nenos e nenas non poden levar nin gardar ningún tipo de medicación nas súas mochilas. Se credes que o neno ou nena debe ter a man algún tipo de medicamento por se o necesita nalgún momento durante os campamentos, deberedes avisar ao director ou directora, quen controlará a situación informando e instruíndo ao monitor ou monitora asignado de gardar e administrar dito medicamento se fose necesario.

GRUPOS

Como se farán os grupos?

Tal como vos explicamos ao principio do proceso de inscrición, os grupos fanse por idade, amizades e nivel de inglés, nesa orde. Unha vez recompilada toda a información dos participantes rexistrados nunha quenda, revisarase cada un dos rexistros para poder crear grupos equilibrados de máximo 10 nenos e nenas. Dentro deste grupo, convivirase en familia, realizando conjuntamente actividades diárias, como as comidas, os xogos ou as excursións.

Poderanse relacionar con outros grupos?

Si. Os participantes estarán constantemente compartindo espazos e actividades co resto dos nenos e nenas doutros grupos. De feito, unha vez creados os grupos reducidos de 10 participantes, estes agruparanse para levar a cabo os xogos co seu grupo ou os seus dous grupos más achegados en cuestión de idade, cos cales tamén poden coincidir nas habitacións, dependendo da capacidade estas. Iso axudaralles a reforzar esa sensación de equipo que se irá alimentando ao longo da semana.

Ademais, haberá certos momentos día a día en que poderán gozar de tempo libre con todos os nenos e nenas do resto de grupos participantes da quenda.

OUTRAS CUESTIÓNS DE INTERESE

Como se asignan as prazas das habitacións?

A distribución nas habitacións faise por idade, por grupo e segundo as prazas de cada habitación, sen diferenciar entre nenos e nenas. No caso dos grupos de maior idade, dividiranse as habitacións entre rapaces e rapazas.

Á hora das duchas, todos os grupos se dividirán entre nenos e nenas e haberá un monitor ou monitora na zona dos lavabos para controlar que non haxa ningún incidente.

Hai socorrista na piscina?

Polas dimensíóns da piscina, non é necesaria a presenza dun socorrista. Aínda así, por cuestiós de seguridade, a piscina está pechada mentres non se realicen actividades nela. Os nenos e nenas só poderán acceder acompañados polo seu monitor ou monitora e, polo tanto, sempre estarán baixo a supervisión dun adulto que vixiará a piscina mentres haxa participantes nela. Os monitores, á súa vez, farán quendas de exclusiva vixilancia desde o exterior de dita piscina.

CONTACTO

Para calquera dúbida ou consulta, podedes dirixirvos directamente ao director/a da semana por correo electrónico (moli.cooloff@kidsandus.es) ou por teléfono 602 25 20 95 (teléfono de dirección de Cool Off).

No caso de ter algunha pregunta máis xeral respecto aos campamentos, podedes contactar persoalmente coa organización dos mesmos mediante correo (admin.cooloff@kidsandus.es) ou teléfono 629 16 11 49 (Vanessa).

The background of the image is a wide-angle photograph of a desert landscape. The foreground is dominated by large, smooth sand dunes with distinct ridges and shadows. In the distance, more dunes and some small, isolated green bushes are visible against a bright blue sky.

MOITAS GRAZAS!

KIDS&US*
my English